

...eu, Ramón Piñeiro

A palabra de Ramón Piñeiro,
viva e actual,
coma nunha viaxe no tempo
a aquel sábado da primavera de 1985,
pouco antes de cumprir os 70 anos,
conversando con Xulio Xiz
na Radio Televisión Galicia,
que comezaba a falar de nós
na nosa lingua,
polos ceos do País.

EGERIA

BRANDÁN COMUNICACIÓN
ITINERARIOS CULTURAIS

Concello de Lugo

XUNTA DE GALICIA

2

...eu, Ramón Piñeiro



Lugo é a miña cidade natural...



Ramón e Isabel no Parque Rosalía de Castro de Lugo

Creo que non hai que poñer fronteiras na proxección humana cara aos demais; na apertura humana cara ao resto do mundo non hai que poñer fronteiras.

Para min, todo vai moi unido... O ser de Láncara, o ser galego...

Lugo é a miña cidade natural, porque fun alí vivir na infancia, logo na adolescencia estudei alí, polo tanto as murallas son miñas como dos habitantes da cidade, pero todo iso non limita, todo está integrado, como Galicia tampouco te illa do mundo.

Síntome galego, e síntome español e síntome europeo; síntome humano.

3

...eu, Ramón Piñeiro



En política, aos 17 anos



Sempre en Lugo...

Era un rapaz que viña a Lugo desde Sarria, dunha aldea, tímido, pero co entusiasmo galeguista recentemente descuberto...

E deseguida liguei con outros rapaces da miña idade -Antón Figueroa, Lorenzo Varela, Mouriz...-, que eran compañeiros de estudos e de xeración, e compartiamos o mesmo entusiasmo... Existía xa un grupo do Partido Galeguista, e nós creamos unha Mocidade galeguista.

Participei no primeiro mitin aos 17 anos, por culpa de Otero Pedrayo, que viñera dar unha conferencia ao Instituto de Lugo, invitado polos estudantes, e estivemos esa tarde enteira falando na terraza do Hotel Méndez Núñez, onde se hospedaba.

Eu preguntáballe cousas, porque para min era unha ocasión excepcional.

Otero Pedrayo quedou
tan compracido e amigo meu,
que foi quen propuxo
que me incluísen na lista
para participar naquel
"Mitin das arengas",
no que ían falar 20 oradores.

4 ...eu, Ramón Piñeiro



Aos 21 anos, Guerra civil



A miña xeración foi afectada polo feito da guerra na orde íntima, persoal. En primeiro lugar, polo choque tremendo. Porque na perspectiva dos rapaces daquel tempo non había a posibilidade de imaxinar unha guerra civil.

O feito mesmo da súa dureza xa foi un choque profundo, un trauma moral; e na orde íntima influíume no senso de que eu, daquela, polo entusiasmo galeguista e pola preocupación de colaborar no desenvolvemento de Galicia nun campo que me gustaba e que fora necesario, soñaba con ser lingüista, dedicarme á filoloxía e á lingüística para poder traballar no estudo e na normalización da nosa lingua.

A experiencia da guerra,
vivida en todas
as súas dimensións,
no terror represivo,
despois na guerra mesma,
na fronte, produciume un cambio
de actitude íntima e
naceume unha preocupación
ou vocación filosófica.

5

...eu, Ramón Piñeiro



Introvertido, non tristeiro



Son introvertido; tristeiro, non. E son pacífico por temperamento, pero varias persoas de Galicia e máis de fóra me dicían estes días: "é que ti es unha persoa tranquila que incluso irradias tranquilidade...". Son tranquilo no senso de pacífico, pero moi nervioso, é dicir, que a tranquilidade é externa, pero interiormente ás veces estou nunha tensión emotiva ou nerviosa que non se reflicte, pola introversión.

Teño propensión e facilidade
para a introversión
no mundo interior.
Pero esa actividade reflexiva
ou introvertida
non é melancólica,
non son tristeiro.

6 ...eu, Ramón Piñeiro



Os amigos

Teño moitos amigos, dentro e fóra de Galicia. É a cousa na que son máis rico, na cantidade de amigos que teño polo mundo, en diversos paises, e desde logo estou moi contento porque niso a vida foime moi grata, moi xenerosa.



Para ser meu amigo, non hai un canon prefixado: ter afinidades humanas e espirituais que permiten unha comunicación íntima e profunda, unha confianza mutua. Isto é máis fácil cando convives no mesmo campo de intereses culturais, de ideais, de intereses morais...

Cando a política que se fai é unha política na adversidade, os que actúan son xente que é capaz de sacrificar cousas persoais por un ideal, que é capaz de arrostrar sacrificios e asumilos; ten unha predisposición moral á solidariedade, á amizade, á fraternidade... Unha política puramente reivindicativa, de ideais nunha situación adversa, crea unha solidariedade que é necesaria, que é vital, para poder facer, para poder actuar.

Nese senso, a política produciume moitos amigos, e os amigos daqueles tempos seguen sendo amigos actualmente.

Na loita polo poder,
evidentemente que se crean
amigos e inimigos,
Eu tiven a sorte de
que actuei na etapa
na que se creaban
sobre todo amigos.

7

...eu, Ramón Piñeiro



Intelectual ou político

O de militante político -cun predominio da acción política como obxectivo permanente e apremiante- vivino na clandestinidade. Daquela había que facelo, porque había pouca xente disposta a correr riscos, e uns cantos que tiñamos conciencia do noso deber, de reivindicar os dereitos de Galicia, que estaban unidos á democracia, asumímolos...



Nesa etapa si que tiña unha actividade, actitude e conciencia de responsabilidade política permanente.

Pero fóra desa etapa, teño ideais políticos pero non militancia política. É dicir: A visión política téñoa en canto a unha idea de Galicia, e un ideal ao servizo de Galicia, pero non unha militancia belixerante, por exemplo partidista; unha militancia de confrontación.

Pola responsabilidade da defensa
dos dereitos de Galicia,
compartida por un pequeno grupo,
pero vivida moi intensamente,
non había exilio,
había un campo de batalla.

8

...eu, Ramón Piñeiro



A ilusión e o deber...

Despois da guerra, unha ilusión miña houbera sido ser catedrático de Filosofía nunha Universidade. Como moitos compañeiros meus son, así podería ser eu catedrático de Filosofía.

Pero esa ilusión non chegou a quitarme o sono, porque iso é o que eu sacrifiquei pola loita política, porque considerei moralmente superiores os deberes que tiña como galeguista...

Ser amigo de Bóveda, Castelao, Otero... Compartir con eles a acción galeguista dos anos trinta, en certa maneira como supervivente daqueles, igual que lles pasou a outros compañeiros, sentiámonos co deber moral de manter viva aquela herdanza, aquela bandeira.



Foi decisión común de todos nós, un deber patriótico superior a calquera interese persoal. Igual que se arriscaba a liberdade, tamén se sacrificaban as aspiracións persoais.

Tiven a sorte da identificación...
Nunca na familia
houbo ningunha reserva,
sempre aceptaron e colaboraron
a que eu cumprise o que cría
que era o meu deber
co País, co pobo, coa nosa Terra.

9 ...eu, Ramón Piñeiro



A lingua

A preocupación pola lingua, para min, era naquela época da Mocidade galeguista un grande entusiasmo.

Fole, Pimentel e mais eu reuniámonos na casa de Pimentel, e eu vía a necesidade que había de estudar a lingua. Daquela non había lingüistas en Galicia, e o galego non estaba en absoluto normativizado nin normalizado.



Había esa necesidade, polo que eu, como unha manifestación do meu entusiasmo galeguista, estaba preocupado pola lingüística con proxección sobre o galego, sobre a lingua, porque de todas formas a lingua é terriblemente suxestiva.

Non é que fose a lingua
a grande ilusión da miña vida,
pero si era un
grande entusiasmo,
unha aspiración.

10 ...eu, Ramón Piñeiro



1950: Galaxia

Fundamos Galaxia un grupo de superviventes da Guerra Civil, convencidos de que a pura actuación clandestina non ía producir o cambio de réxime necesario para Galicia, e recobrar a liberdade política.



Barros-Sabell, Fernández del Riego, Fernández de la Vega, Fole e Piñeiro

Decidimos continuar o labor clandestino de contacto coa oposición, sabendo que iso non bastaba. Era necesario actuar publicamente, había novas xeracións que non sabían nada de Galicia, que xa non tiñan contacto co noso pasado cultural, e era necesario tomar contacto con eles, pero non se podía facer politicamente, xa que había un rigor represivo moi duro....

Ideamos que a única forma de contacto público coas novas xeracións e co País era creando unha empresa comercial, que dese cobertura legal á publicación de libros... E por medio dos libros unir a tódolos superviventes da Guerra Civil, que estaban cada un no seu pobo, e reconstruír unha presenza pública do galeguismo, non manifestado politicamente, senón culturalmente.

A primeira publicación que fixo Galaxia foi o simbólico caderno colectivo, "Presencia de Galicia"... E a unha colección chamámoslle Grial, como alusión á vinculación cultural de Galicia con Europa.



Todos eran recursos simbólicos
para poder iniciar
unha presencia pública
en Galicia
que renovase, avivase,
espertase a conciencia
e o sentir galego.

11

...eu, Ramón Piñeiro



A saudade



Convención galeguista á beira do Grial do Cebreiro

Os meus traballos sobre a saudade foron o comezo. Pretendía facer un libro de antropoloxía cultural galega, ou unha antropoloxía filosófica da saudade e da personalidade galega colectiva, polo que estes eran uns cantos ensaios. Faltaban outros tres ou catro para completar o ciclo, pero nunca o puiden facer precisamente por dedicarme a moitas cousas urxentes, apremiantes. Ao ter pouca capacidade para negarme, un vai adquirindo compromisos.

Pertenzo a bastantes entidades que había que axudar a impulsar ou organizar. E en canto ás actividades políticas deses anos, había que estar na fronte da loita política, e había que atender aos rapaces, ás xeracións novas que ían chegando.

A verdade é que non tiven tempo. É unha frustración que teño a de non ter rematado o libro.

Agora, uns amigos tiveron a idea de reunir aqueles ensaios nun libriño. E ao lelos para corrixir as probas, todos xuntos, quedei sorprendido porque xa os tiña esquecidos.

Dáme cousa non ter rematado
o libro da saudade;
non ter desenvolto todo
o que eu cría que podía explicar,
a visión filosófica da saudade,
que podía explicar
a personalidade galega.

12

...eu, Ramón Piñeiro



Profeta na nosa terra



Se ninguén é profeta na súa terra, non me sinto profeta na miña. O que sinto na Terra é unha actitude de cordialidade espontánea en moita xente; unha especie de identificación co que pode significar o meu comportamento galeguista, é dicir, unha manifestación de galeguismo, de solidariedade galeguista, iso si que o noto en bastantes sitios de Galicia, pero diso a ser profeta hai unha gran distancia; ese feito espontáneo, sinxelo, de simpatía cordial, iso haino.

Fun Presidente do Consello da Cultura sen a miña vontade. Eu non me votei e procurei que non me votasen, pero é unha cousa que vén imposta, e entón síntome identificado co Consello e cos demais compañeiros, pero non era unha meta miña.

Presidir o Consello
da Cultura Galega
é o imperativo moral
de cumprir co meu pobo
e coa miña Terra, de facer
realmente o que podo facer.
Esa é a meta, e a esa meta
nunca se dá chegado de todo.
Sempre queda máis que facer.